

# Mundo laboral

19/04/2024

## ÍNDICE

Poboación segundo a relación coa actividade económica.....	2
Poboación ocupada segundo a situación profesional.....	4
Poboación ocupada segundo o sector de actividade.....	4
Asalariados segundo o tipo de contrato.....	6
Afiliacións á Seguridade Social.....	7
Paro rexistrado.....	8
O custo laboral.....	8
Definicións e máis información.....	9
Definicións.....	9
Descarga de datos.....	9

## Poboación segundo a relación coa actividade económica

**Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia Miles de persoas e porcentaxes**

	2022	2023	Variación interanual %
<b>**Total**</b>			
Total	2.349	2.359	0,41
Activos	1.241	1.250	0,77
Poboación ocupada	1.104	1.129	2,27
Poboación parada	137	121	-11,32
Poboación inactiva	1.109	1.109	0,02
<b>**Homes**</b>			
Total	1.121	1.125	0,30
Activos	639	643	0,63
Poboación ocupada	575	586	1,91
Poboación parada	64	57	-10,87
Poboación inactiva	482	482	-0,15
<b>**Mulleres**</b>			
Total	1.228	1.234	0,51
Activos	602	607	0,91
Poboación ocupada	529	543	2,67
Poboación parada	73	64	-11,72
Poboación inactiva	626	627	0,14

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa


Galicia, no ano 2023, contaba con 1.250.000 activos, dos cales 1.128.500 estaban ocupados e 121.400 parados.

Con respecto ao ano anterior produciuse un aumento do 2,27 % no número de ocupados e unha diminución do 11,32 % no número de parados.

En 2023 a taxa de actividade situouse no 53 %, valor 0,20 puntos superior ao de 2022. A taxa de ocupación aumentou 0,80 puntos ata o 47,80 % e a taxa da paro diminuíu 1,30 puntos ata acadar o 9,70 %.


### Evolución das taxas de actividade segundo sexo. Galicia

Porcentaxes



### Evolución das taxas de paro segundo sexo. Galicia

Porcentaxes



## Poboación ocupada segundo a situación profesional

**Poboación ocupada segundo a situación profesional e o sexo. Galicia. Ano 2023 Miles de persoas**

	Total	Homes	Mulleres
Total	1.128,5	585,6	543,0
Empresario con asalariados	63,8	41,0	22,8
Traballador independente ou empresario sen asalariados	142,0	82,7	59,3
Membro dunha cooperativa	1,7	1,1	0,6
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,5	1,7	0,8
Asalariado do sector público	196,1	81,6	114,5
Asalariado do sector privado	722,3	377,5	344,8
Outra situación	0,1	0,0	0,1


Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Dos 1.128.500 ocupados residentes en Galicia no ano 2023, o 18,3 % eran traballadores por conta propia, o 81,5 % asalariados e o 0,2 % restante atopábase noutra situación profesional (axuda familiar, membro de cooperativa ou outra situación).


## Poboación ocupada segundo o sector de actividade

**Poboación ocupada segundo o sector de actividade. Galicia. Ano 2023**

Homes



### Poboación ocupada segundo o sector de actividade. Galicia. Ano 2023 Mulleres




No ano 2023, o 71,7% dos ocupados galegos traballan no sector servizos, o 14,9% na industria, o 6,8% na construción e o 6,7% restante na agricultura e pesca.

Con respecto ao ano 2022, o número de ocupados no sector servizos aumentou un 2,2%. Na industria o número de ocupados aumentou un 1,4%, na construción aumentou un 0,5%, no sector da agricultura aumentou un 7,9% e no sector da pesca o número de ocupados aumentou un 3,2%.


## Asalariados segundo o tipo de contrato

Asalariados segundo sexo e o tipo de contrato. Galicia. Ano 2023  
Porcentaxe



En 2023, o 83,31% dos asalariados galegos tiñan un contrato indefinido. No caso das mulleres os contratos indefinidos foron o 80,32%.

### Ocupados segundo sexo e o tipo de xornada. Galicia. Ano 2023 Porcentaxe



No ano 2023, o 85,93 % dos ocupados galegos traballaron a xornada completa. Por sexos, o 7,29 % dos homes tiña xornada parcial, mentres que a porcentaxe de mulleres con este tipo de xornada era do 21,40 %.

## Afiliacións á Seguridade Social

### Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o réxime. Galicia Número e porcentaxes

	2022	2023	Variación interanual
Total	1.036.862	1.055.084	1,76
Réxime xeral (excl. Agrario e Fogar)	779.712	800.498	2,67
Réxime especial minería do carbón	0	0	0,00
Réxime especial agrario	5.846	6.112	4,55
Réxime especial empregados do fogar	24.283	23.716	-2,33
Réxime especial de autónomos	207.217	205.429	-0,86
Réxime especial do mar	19.803	19.328	-2,40

Fonte: Información subministrada directamente polo Ministerio de Empleo y Seguridad Social

En 2023, a Seguridade Social contabilizou unha media de 1.055.084 afiliacións en alta laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, o que supón un aumento de 18.222 afiliacións con respecto ao ano anterior, o 1,76 %.

Por réximes, o xeral tivo en 2023 un aumento do 2,67 % dos traballadores. Pola súa banda, o réxime especial de autónomos sufriu unha diminución do 0,86 % no número de afiliacións.

## Paro rexistrado

En 2023 a media anual do paro rexistrado en Galicia situouse en 134.468 persoas, un 8,0 % menos que no ano anterior. O 49,0 % dos parados levaba máis dun ano nesta situación, o 36,2 % menos de 6 meses e o 14,8 % restante, entre 6 meses e un ano.

### Paro rexistrado segundo a duración da demanda. Galicia Número e porcentaxes

	2022	2023	Variación interanual
Total	146.167	134.468	-8,00
Menos ou igual a un 1 mes	17.102	13.906	-18,69
Máis de 1 mes e menos ou igual a 6	40.764	34.708	-14,86
Máis de 6 meses e menos ou igual a 1 ano	20.092	19.928	-0,82
Máis de 1 ano	68.208	65.926	-3,35

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente

## O custo laboral

### Custo laboral anual por traballador e sector de actividade. Galicia. Ano 2022 Euros

	Total	Industria	Construción	Servizos
Custo laboral bruto	30.816,90	35.731,15	33.655,03	29.435,33
Soldos e salarios	22.655,99	26.065,77	24.351,19	21.715,22
Cotizacións obrigatorias	7.453,41	8.701,77	8.710,50	7.053,75
Cotizacións voluntarias	108,55	189,92	120,33	88,49
Prestacións sociais directas	310,45	252,31	209,24	333,53
Indemnizacións por despedimento	87,21	123,99	63,51	80,67
Gastos en formación profesional	57,21	109,51	46,15	46,07
Gastos en transporte	8,05	20,73	7,37	5,17
Gastos de carácter social	15,48	43,66	0,00	10,37
Outros gastos	120,55	223,49	146,74	102,06
Subvencións e deducións	249,15	148,22	160,09	280,82
Custo laboral neto	30.567,75	35.582,93	33.494,94	29.154,51

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente

O custo laboral por traballador en termos brutos foi de 30.816,90 euros no ano 2022. Se a esta cantidade se lle restan as subvencións e as deducións que se recibiron das administracións públicas obtense un custo neto de 30.567,75 euros por traballador.

Das partidas que compoñen o custo laboral bruto, o 73,52 % destinouse a pagar soldos e salarios, o 24,19 % a cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e o 2,30 % restante á satisfacción doutros custos (cotizacións voluntarias, prestacións sociais directas, indemnizacións por despedimento, gastos en formación profesional...)



## Definicións e máis información

### Definicións

### Descarga de datos

- Poboación de 16 e máis anos por relación coa actividade económica, sexo e grupos de idade
- Taxa de actividade por sexo e grupos de idade
- Taxas de actividade, ocupación e paro por sexo e grandes grupos de idade
- Ocupados por grupos de idade, sexo e situación profesional
- Ocupados por sector económico, sexo e situación profesional
- Inactivos por clase principal de inactividade, sexo e grupos de idade
- Asalariados por tipo de contrato ou relación laboral, sexo e grupos de idade
- Ocupados por tipo de xornada, sexo e situación profesional
- Afiliacións á Seguridade Social segundo réximes e sexo
- Afiliacións medias á Seguridade Social por réximes
- Paro rexistrado segundo xénero, grupos de idade e duración da demanda
- Custo laboral medio por traballador por sectores de actividade e compoñentes do custo
- Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego segundo medida
- Composición do salario bruto anual segundo o sexo
- Salario bruto anual segundo sexo e grupo de idade
- Enfermidades de declaración obrigatoria